

## **PROFESORADO DO CURSO DE CORDA PARA NENOS**

### **Anca Smeu, VIOLÍN**

Cursou os seus estudos de violín no Conservatorio de Música Ciprian Porumbescu de Bucarest. En 1983 gaña o Concurso Citta di Stressa, en Italia, e o terceiro premio no Concurso Jaroslaw Kocian da República Checa.

Traballa na Orquestra Filharmónica de Brasov (Romanía) e ocupa o posto de concertino na Orquestra A Neuville (Suíza), na Orquestra de Radio Bucarest en Romanía e na Nova Orquestra de Sofía (Bulgaria). Realizou gravacións e concertos en Romanía, Italia, Austria, Alemaña, Francia e España.

En 1995 foi Premio Especial do Concurso de Cuartetos de Cordas Mozart en Salzburgo (Austria). Foi profesora de violín da Escola Superior de Música de Brasov, (Romanía) e profesora de música de cámara no Conservatorio de Música da mesma cidade. Na actualidade é violinista copríncipal da Real Filharmonía de Galicia.

### **Grigori Nedobora, VIOLÍN**

Aos once anos deu o seu primeiro concerto como solista e aos catorce interpretou o Concerto de Sibelius coa Orquestra Filharmónica da súa cidade natal, Kharkov (Ucraina). Proseguiu a súa formación con Maya Glezarova no Colexio Musical acxunto ao Conservatorio Tchaikovski de Moscú e ampliou os seus estudos na Academia Gnesin, onde foi alumno de violín de Vladimir Spivakov e de música de cámara de Valentín Berlinski, do famoso Cuarteto Borodín.

Traballou cos Virtuosos de Moscú, baixo a dirección de Vladimir Spivakov, cos que realizou numerosos concertos en máis de vinte países de Europa, América e África. Tamén foi un dos integrantes do conxunto de cámara Solistas Classic e formou o dúo Moz-Art co seu colega Lev Tchistiakov.

Desde a formación da Real Filharmonía de Galicia é o principal de segundos violíns desta orquestra.

### **Nazaret Canosa Insua, VIOLÍN**

Comeza a estudar violín no ano 1990 co mestre Xan Carballal. En 2001 ingresa na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, estudando con Grigori Nedobora. En 2002 accede como membro activo á Joven Orquesta Nacional de España. En 2006 remata os seus estudos académicos no Conservatorio Superior de Musica de Vigo. Ese mesmo ano é seleccionada como membro da Escuela Superior de Música Reina Sofía, sendo alumna dos mestres José Luís García Asensio e Marco Rizzi, e nomeada alumna *sobresalente* no curso 2007-2008.

Complementa a súa formación musical realizando os cursos de Oviedo Joven, Avilés internacional e Curso Internacional de Música de Santander, xunto a clases maxistras cos mestres Igor Ozim, Anna Chumachenco e Zahar Bron, entre outros. En 2012 finaliza o Máster en Educación Secundaria na especialidade de Música.

Colaborou coa Orquesta de la Comunidad de Madrid, Orquesta Sinfónica de Euskadi, Orquesta Sinfónica de Tenerife, Orquesta de la Ciudad de Oviedo, Orquesta Sinfónica de Galicia e coa Real Filharmonía de Galicia. É membro do Taller Atlántico Contemporáneo.

### **Alejandra Díaz, VIOLONCELLO**

É premiada co *Carnegie Palmer Award* da WCOM. Obtén o *Guildhall Artist Master of Performance* en 2014, o *Bachelor Honours Degree* na *Guildhall School of Music & Drama* de Londres en 2011 e o Diploma da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia en 2007.

Forma parte da Real Filharmonía de Galicia, a Orquesta Sinfónica de Galicia e a Orquesta Sinfónica de Londres. Actúa baixo a batuta de grandes directores e en numerosos festivais internacionais como o *Abu Dhabi Classics*, o Festival Joaquín Turina ou o *Euro Classical Online Festival*.

Actúa nalgunhas das máis importantes salas de concertos como o Wigmore Hall, o Barbican Hall, o Palau de la Música ou o Auditorio Nacional. En 2012 é convidada ao programa en directo da BBC Radio 3 e é seleccionada para o *Encuentro de Música de Santander* en 2014, o *LSO Strings Experience Scheme* en 2013 e o *LSO Academy* no ano 2010.